

A.N.P.A. "A FERRADURA"



NOVOS SERVIZOS IMPLANTADOS POLA A.N.P.A. O PRESENTE CURSO

A A.N.P.A. do colexio PIO XII trata e seguirá tratando de ser unha ferramenta útil na tarefa da Educación dos nosos fillos e fillas.

Neste senso, coidamos que un dos logros da nosa A.N.P.A. foi o de dar o Servizo de Comedor aos nosos nenos e nenas.

No mes de decembro do xa lonxano 1.999, na 1ª Asemblea Xeral Ordinaria, xurdiu a idea de que o noso Colexio tivese Comedor Escolar. O primeiro que fixemos foi unha enquisa entre todos os pais cō fin de avaliar a necesidade real de dito servizo e, foi tal o grao de aprobación obtido que decidimos lanzarnos á aventura de conseguilo. A misión non resultou doada: reunión co Claustro de profesores cō fin de telos informados e salvar algunhas reticencias existentes dende o comezo do proceso; desprazamentos á Coruña para entrevistarnos cos Delegados de Educación, que nese tempo foron varios: en total entrevistámonos con catro, e non só unha vez; visitas ao Axuntamento para falar cos concelleiros de Educación, que tamén foron varios; ...

Ao final, e a pesares de todos os avatares que foron xurdindo, o comedor comezou a funcionar o 15 de outubro de 2.001, e xa van para seis anos.

E agora vaise dar outro paso: o cambio de situación do Comedor Escolar, que se todo vai ben estará rematado para o novo curso, suporá unha notábel mellora deste servizo e, como consecuencia, doutras actividades tanto do propio Colexio como da A.N.P.A., pois poderán dispor dos espazos libres que deixa o comedor antigo. De todo isto vos teremos informados.

Para rematar, temos que dicir que foron moitos os que utilizaron este servizo de Comedor ata o momento e que esperamos que sexan moitos máis os que o disfruten no futuro; así pois, tan só nos queda expresar o noso agradecemento a todas e cada unha das persoas, tanto ás que traballan a diario nel como aos seus usuarios, que puxeron o seu grao de arena para conseguir que aquilo que xurdiu como unha idea sexa unha realidade; a todas e cada unha delas:

¡GRAZAS!

Alberto Fernández Gümil
Presidente da A.N.P.A. "A FERRADURA"
C.E.I.P. PIO XII

Coa idea de mellorar a atención ás nenas e nenos do colexio e facilitar a conciliación da vida laboral e familiar, a A.N.P.A. puxo en funcionamento dous novos servizos durante o presente curso, un servizo de coidadora de educación infantil e un servizo denominado de madrugadores.

A **coidadora de educación infantil** encárgase de mudar aos nenos e nenas cando é preciso debido á falta de control total de esfínteres, o que sucede a miúdo cando acceden ao colexio, dado que algúns aínda non teñen cumpridos os tres anos. É moi necesario por tanto que nesas circunstancias sexan atendidos por persoal específico, mais a Consellería de Educación non ofrece persoal para cubrir esa necesidade. Ata este curso era necesario avisar aos pais para que acudiran ao colexio a cambiar aos nenos cando era preciso, o que implicaba ás veces unha longa espera para os nenos e desde logo un trastorno importante para os pais. Con



este novo SERVIZO, os nenos son atendidos axiña sen ter que molestar aos pais. A prestación deste servizo é gratuíta, financiándose unicamente coa cota anual da asociación, establecida para este curso 2006/07 en 17 € por familia.



O novo **servizo de madrugadores** facilita a conciliación da vida laboral e familiar a aqueles pais e nais que por entrar cedo a traballar non poden levar aos seus nenos ao colexio á hora de comezo das clases. Este servizo atende ás nenas e nenos na sala de usos múltiples do colexio a partir das 7.45 e hasta a hora de entrada no colexio durante todo o curso. O prezo actual deste servizo para os usuarios fixos é de 150 € o curso completo. Tamén existe a posibilidade de que un usuario esporádico utilice este servizo en caso de necesidade, debendo aboar neste caso a cantidade de 1 € no momento de solicitar o servizo.

Información

Subvención ao servizo de comedor por parte da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. A comezo de curso, a Consellería de Educación publicou una convocatoria de subvencións ás asociacións de nais e pais de alumnos que xestionan comedores escolares en centros públicos. A solicitude realizada pola A.N.P.A. "A Ferradura" do colexio Pío XII foi aceptada, concedéndosele unha subvención de 16.451,55 euros. Esta subvención permitiu diminuír o custo do servizo de comedor a tódolos alumnos.

Publicidade

Serunión-Educación
COMER BIEN, CRECER MEJOR

En Serunión somos profesionales del servicio a comedores escolares. Junto con los padres y las escuelas, somos responsables de enseñar a los niños que una alimentación sana y equilibrada les ayuda a mantenerse sanos y a crecer.